

Universidade de Santiago de Compostela, en chamamento único, que se iniciará ás 11.00 horas.

Segundo.-Os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, lapis do nº 2 e goma de borrar.

Terceiro.-Non se permitirá no recinto onde se realice o exercicio o acceso e tenza de teléfonos móbiles, axendas ou demais dispositivos de carácter electrónico. Así mesmo, queda prohibido o acceso ao recinto con calquera outro material ou instrumento de que se poida valer o/a aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Advírtese que non haberá servizo de recolla de teléfonos móbiles.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2010.

José María Picallo Búa
Presidente do tribunal

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Anuncio do 13 de outubro de 2010, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a publicación das puntuacións provisionais e a relación de excluídos do baremo aberto polo Anuncio do 16 de setembro de 2010, polo que se comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións como profesores de escolas oficiais de idiomas, especialidade de árabe (592002) (Diario Oficial de Galicia do 24 de setembro de 2010).

Finalizado o prazo para presentar a solicitude e realizada a baremación dos méritos, procede a publicación das puntuacións provisionais e a relación de excluídos no taboleiro de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos seus departamentos territoriais e na páxina web desta consellería.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Facer públicas na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos seus departamentos territoriais e na páxina web desta consellería (<http://www.edu.xunta.es>; profesores/as; xestión de profesorado; interinos e substitutos) as puntuacións provisionais e a relación de excluídos do baremo para prazas de interinidades e substitucións como profesores de escolas oficiais de idiomas, especialidade de árabe (592002).

Segundo.-Publicar a relación de excluídos no anexo deste anuncio.

Terceiro.-Contra estas puntuacións provisionais poderá interpoñerse reclamación no prazo de dez días naturais, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, ante o director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2010.

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

ANEXO

Excluídos

Apelidos e nome	DNI	Causa
Agharbi Agharbi, Rachid	48082139H	4
Alamrousi, Ahmed Fawzi Ali	X7798988X	4 e 6
Ben Mohamed Hairi, Mokhlas	X4608257T	3 e 6
Maghraqui, Azeddine	X5985549X	4 e 6
Ropero Castellanos, Juan Miguel	06258772N	3

Claves causas de exclusión:

3. Non achega titulación.
4. Titulación inadecuada.
6. Non é nacional de ningún Estado membro da UE.

Anuncio do 14 de outubro de 2010, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a publicación das puntuacións definitivas e a relación de excluídos do baremo aberto polo Anuncio do 20 de maio de 2010, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a apertura do prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións para impartir docencia na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia nas especialidades de caracterización e indumentaria (594442), dramaturxia (594446), espazo escénico (594448) e técnicas escénicas (594456) (Diario Oficial de Galicia do 27 de maio de 2010).

Publicada a lista provisional e resoltas as reclamacións, procede publicar o baremo definitivo e a relación definitiva de excluídos no taboleiro de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos seus departamentos territoriais e na páxina web desta consellería.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Facer públicas na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos seus departamentos territoriais e na páxina web desta consellería (<https://www.edu.xunta.es/substitutoslistas/>), as puntuacións definitivas do baremo para impartir docencia na Escola Superior de Arte Dramática de